

Acta da Asamblea Xeral do día 4 de novembro de 2016

Sendo as 19:00 h do día 4 de novembro de 2016 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Revisión do regulamento.
3. Cotas e achegas.
4. Grupos de traballo.
5. Rogos e preguntas.

Comezamos coa lectura do acta anterior e apróbase por unanimidade, logo de facer unha rectificación, xa que donde se aludía a Xunta de Goberno Local debía poñer Xunta de Portavoces.

En canto a revisión do regulamento, explícanse os cambios propostos e apróbase por unanimidade, incluíndo no artigo 16 o seguinte: “*Os cargos de coordinadora xeral e vicecoordinadora respectarán a paridade de xénero*”.

Apróbase tamén por unanimidade a inclusión da seguinte modificación no artigo 7: “*As persoas asinantes do Manifesto da Iniciativa Cidadá de Mugardos no proceso de Primarias e as membros da candidatura que soliciten a súa afiliación ante a Coordinadora Xeral, terán que ser avaladas por dúas membros, sen ser necesaria a súa aprobación pola Asamblea Xeral*”.

No punto de cotas e achegas apróbase por maioría absoluta poñer como cota de afiliadas 2€ ao mes a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Apróbase por unanimidade que a aportación dos cargos da ICM pase a ser o 15% dos ingresos dende que forman parte do goberno municipal.

Apróbase por maioría absoluta que os cargos de ICM que xa aportan o 15%, queden exentos da cota de afiliación.

No relacionado cos grupos de traballo débátese sobre a súa estrutura e funcionamento.

En canto a rogos e preguntas:

- Pregúntase polo cambio da sede e infórmase que se está a mirar outro local.

Sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 20:45 h.

